

Actividades de Cedofeita nos últimos 12 meses

DE OUTUBRO A OUTUBRO: MEMORIA DE ACTIVIDADES

Á vista da normativa xurdida da nova lei de asociacións é aconsellable que as sociedades fagan valoración das súas actividades ó final de cada ano natural. Así que no sucesivo a Asociación Sociocultural Cedofeita convocará ós seus socios a asemblea xeral ó principio de cada ano para expoñerlles as actividades realizadas ó longo do ano anterior, sometelas á súa consideración e, se procede, aprobalas. Non vai suceder o mesmo coa memoria de actividades que habitualmente se reflicte na revista, pois por saír esta no mes de outubro, presentamos as dos últimos doce meses, isto é de outubro a outubro. Mesmo así, haberá algunhas actividades deste mes que figuren na memoria dun ano ou na do seguinte, segundo se realicen antes ou despois de cerrar e edición da revista.

COGOMELOS: SAÍDA E DEGUSTACIÓN


No ano 2003, a saída ós cogomelos efectuouse o sábado, 25 de outubro. Partimos do local social. Eramos un grupo xeitoso e dirixímonos ó monte (xa aprendín que os micófilos non deben descubrir os lugares onde collen cogomelos). Nun primeiro lugar, pillamos unha cantidade suficiente de niscalos, cantarelas, setas dos cabaleiros e outras variedades comestibles, pero



a cobiza levounos a desprazármonos a outro afastado lugar onde non collemos case nada. Con todo, pola noite, os asistentes a esta saída puidemos degustar os cogomelos recollidos, previamente preparados de diversas formas.

O NÚMERO SETE DA REVISTA CEDOFEITA

O ano pasado (2003) publicouse o número sete da revista que leva o mesmo nome ca o da Asociación: Cedofeita. Consta este número de corenta e catro páxinas con portada a cores na que se presenta unha fotografía do local Juventud Lerezana presidido por unha grande pancarta coa lenda XA É DA PARROQUIA, baixo a que se sitúa unha nutrida representación de persoeiros das entidades parroquiais que se xuntaron o 26 de agosto para celebrar a sinatura do documento da recuperación do referido edificio para a parroquia a través da Comunidade de Montes.



Asociación Sociocultural GEDOFEITA - Lerez - Pontevedra - Outubro 2003 - n. 7

Nas páxinas interiores Jaime Iglesias fai unha breve crónica da longa historia da recuperación deste local incautado durante a guerra de civil de 1936; Xosé Álvarez comenta a viaxe cultural polo norte de Portugal organizada no mes de xuño; Benigno García recorda a loita na defensa das xunqueiras (Gándara e Covo); Xosé Abilleira glosa un texto do século XII sobre a presenza de Xelmirez no mosteiro de Lérez; Amancio Castro fai unha análise desde a óptica biolóxica da xunqueira da Gándara; Mario Gallego aporta a súa persoal visión artística e antropolóxica dos poróns e Xosé L. Estévez Solla comenta algúns aspectos da nova lei de calidade do ensino. Pero a revista, ademais das páxinas do fino humor de José M. Castro, ofrece outros artigos non menos interesantes como a conversa co señor Urbano na que participa Antonio Vázquez, o cultivo do kiwano, o comentario dun refrán, así como o resumo das actividades dos anteriores doce meses.

ASEMBLEAS XERAIS


Na última asemblea xeral ordinaria celebrada o 27 de novembro, aprobáronse, entre outros asuntos a xestión da xunta directiva, o estado de contas e a proposta de actividades para o ano 2004.

Finalizada a asemblea, presentouse o número sete da revista á que xa nos referimos anteriormente, aproveitándose a ocasión para para facer un chamamento animando ós socios para que colaboren con artigos de diversa índole, tendo en conta o carácter aberto e plural da revista.

Tamén se convocou unha asemblea xeral extraordinaria para actualizar os estatutos de acordo coa nova lei de asociacións.

SEGUNDA EDICIÓN DOS ROTEIROS

Esta actividade levouse a cabo por primeira vez en outubro de 2003. Daquela, coa colaboración do Concello de Pontevedra, editouse un tríptico que contén dous itinerarios así como textos históricos e literarios relativos a eles. O primeiro roteiro desta segunda edición realizouse o 25 de abril. Saímos do Burgo e pasamos pola illa da xunqueira do Covo, O Gramal, o mostei-



ro de Lérez, O Arco, O Outeiro, As Aceñas, Couso, monte das Pías, A Regueira, Casal Novo, O Cruceiro, A Torre e volta ó Burgo. O 2 de maio dispuxémonos para facer o segundo roteiro. Nesta ocasión saímos do Magueiro e percorreren os camiños da xunqueira da Gándara, do Ramallás, do Cimbelo, do Castelo, ata chegar ó Casteliño e a Cedofeita. Voltamos por Casaldarado, Ponte das Cabras, A Gándara e A Santiña para rematar no punto de partida. A asistencia foi suficiente como para resultaren ambos roteiros animados e entretidos ó que tamén contribuíron as amenas explicacións de Pepe Álvarez.

VIAXE CULTURAL Á RIBEIRA SACRA

O 20 de xuño realizouse a anual viaxe cultural e recreativa organizada por Cedofeita. Saímos cediño cara ó Carballiño para encamiñármonos cara a Oseira onde, ademais de contemplar as centenarias pedras labradas do impresionante mosteiro cisterciense, relaxámonos no socego do vizoso contorno e visitamos o colmado museo etnográfico onde puidemos observar desde apeiros sinxelos e comúns (fouciños, aixadas, sachos, angazos...) ata outros singulares como o vesadoiro ou a variada coleccións de xugos. Antes de subir ó autobús, case todos mercamos o popular pan de Cea. De aquí dirixímonos ó mosteiro cisterciense feminino de Ferreira de Pantón para despois irmos xantar a Luintra.




Fixemos pola tarde o obrigado paseo fluvial polo encoro de San Estevo observando desde a augas a impresionante maxestuosidade das terras da Ribeira Sacra máis próximas ó río Sil. Para finalizar a viaxe estivemos no santuario barroco dos Milagres de Maceda onde semella que todo está pensado para manter na fe a xenerosidade dos fieis e das xentes de boa vontade.

**A X EXPOSICIÓN CEDOFEITA:
Entre as mans e a terra**

Xa van dez anos consecutivos nos que a Asociación Cedofeita organiza unha exposición que se mostra no mosteiro de Lérez, coincidindo coas festas patronais. Este ano abriuse ó público os días 5, 6, 7 e 8 de agosto. Estivo dedicada ós apeiros de labranza, de aí o suxerente título *Entre as mans e a terra*. Mostráronse apeiros utilizados para remover a terra (aixadas, legóns, sachos...), útiles para xuntar, cargar ou desprazar produtos do campo (forquitas, gallas, angazos...), elementos cortantes (fouciños, podas, machadas...), aparellos de tracción animal (arados, sachadeiras, escampadeiras...), utensilios relacionados cos animais domésticos (botillos, bincos, maseiros...). Esta variedade de apeiros estivo acompañada de información complementaria, que se presentaba en paneis,


referente ós propios apeiros e ó mundo campeño: textos literarios, documentos históricos, pinturas e fotografías.


**Mostra de
Apeiros de Labranza**



Mosteiro de Lérez

Do 5 ó 8 de agosto de 2004
Horario:
 Mañás de 11 a 14 h.
 Tardes de 19 a 22 h.

ORGARIZA:

 Asociación Sociocultural de Lérez

COLABORA:

 CONCELLO DE PONTEVEDRA

Entre as Mans e a Terra


As ferramentas expostas, así como algunhas das fotografías e documentos, foron cedidos desinteresadamente por veciños da parroquia. Preto de trinta familias facilitaron algún tipo de material para esta mostra, ás que desde aquí agradecemos a súa colaboración.

Ó longo dos catro días que estivo aberta foi vistada por numeroso público que, como é habitual nesta exposición, puido emitir o seu parecer sobre ela e comentar, entre si e coa organización, os aspectos que lle parecían oportunos, pois esta é unha das poucas exposicións que ten a condición de ser intercomunicativa.

OBRADOIRO DE TINXIDO NA FEIRA FRANCA

Este ano, por primeira vez, a Asociación Sociocultural Cedofeita participou unha Feira Franca. Fíxoo cun obradoiro de tinxido co que se pretendía contribuír a unha maior autenticidade deste interesante evento de Pontevedra que tanto pulo está tendo. O obradoiro foi posible non só pola iniciativa da xunta directiva senón tamén pola ilusión dun grupo de socios que colaborou na realización de diversas tarefas con el relacionadas.

Entre os soportais do edificio do Museo de Pontevedra que dá á rúa Sarmiento e un espazo lateral instalouse unha caseta ambientada de acordo cos gustos da época, na que se mostraban distintas especies vexetais que tradicionalmente foron empregadas para tinguir. Había cascas de carballo e cebola, raíces de ameneiro e salgueiro, froitos da silva e do sabugueiro; flores do clavelón e da caléndula, follas do bidueiro e do fiuncho, así como bugallos, bólas que se crían nas follas ou nas ramas tenras dos carballos para cubrir os ovos e as larvas dun insecto



parásito. Tamén se mostraron mordentes como o cremor tártaro e o "alumbre". Pero o máis interesante foi a realización práctica de tinxido de la utilizando estes vexetais, pondo en práctica técnicas empregadas tradicionalmente no tinguido de tecidos. A grande curiosidade do público estivo motivada non só pola observación do proceso de tinxido senón tamén pola axeitada ambientación do contorno.

COLABORACIÓNS

A Asociación Cedofeita está representada na Sociedad Juventud Lerezana xuntamente coas outras entidades parroquiais; colabora coa Coordinadora pola Defensa do Río Lérez. Tamén participou no Consello Aberto da Feira Franca, órgano assembleario formado por entidades que colaboran no deseño das actividades para facela máis dinámica e atractiva. Representantes de Cedofeita estiveron presentes nos distintos actos e reunións que se desenvolveron ó longo do ano. Así, por exemplo, formou parte do xurado do concurso de carteis e asistiu a actos previos e posteriores á Feira Franca: á súa presentación nas ruínas de San Domingos, ás xornadas históricas e á entrega dos premios toxos e flores, etc. Por outra banda membros da Asociación colaboraron con outras sociedades, en especial Pepe Álvarez que impartiu charlas sobre cogomelos e sobre historia de Galicia en Cerdedo, Xeve e O Burgo.